



TURISMO E FOTOGRAFÍA

# CATALÀ-ROCA EN GALICIA

1956 - 1976

Auditorio de Galicia

9 de maio - 7 de outubro de 2018

Un proxecto de Anxo Rabañal

Coprodución



CONCELLO DE SANTIAGO



CONSORCIO DE SANTIAGO



CORUÑA  
PROXIMA

Colaboran



Collegi d'Arquitectes  
de Catalunya



Museo de Pontevedra

Agradecemos  
a CAC



AUDITORIO DE GALICIA

@CCultura  
CompostelaCultura  
compostelaculturalgal  
Entrada libre e gratuíta  
Todos os días de 10 a 14 e de 16 a 19h







No tempo da súa primeira viaxe a Galicia Català-Roca, de 34 anos, xa era un fotógrafo importante, varias veces premiado, artista de galería, con estupendos fotolibros editados. Coa rolleiflex de medio formato e de a cabalo dunha vespa chega a Galicia en 1956 e, na vespa primeiro e nun seat 600 despois, inicia unha viaxe que durante vinte anos o levaría por vinte e oito vilas de todo o país.

No Ano Santo Compostelano 1965 o turismo destapouse como un potente motor de mercado e de transformación social. Chegaron nese ano 387 peregrinacións organizadas que se aloxaron no Burgo das Nacións, unha pequena proeza arquitectónica, hostel efémero para peregrinos formado por 47 pavillóns modulares prefabricados, proxecto de Rafael de la Hoz, González-Garra e Cano Lasso. Durante os catro meses que funcionou hospedou 150.000 persoas.

**Un proxecto de Anxo Rabuñal, coa colaboración de Agar Ledo**

Imaxes: © Fondo Fotográfico F. Català-Roca  
Arxiu Històric del Col·legi d'Arquitectes de Catalunya

Próxima itinerancia:  
**Kiosco Alfonso, A Coruña**  
18 outubro 2018 – 13 xaneiro 2019



A achega da fotografía neste contexto de transformación económica e social non foi abondo valorada, nin estudada as maneiras en como fosilizan, ou mudan e se actualizan, os tópicos e tradicións iconográficas e a imaxe da cidade, moi determinada na súa formación pola literatura e as fotografías do 1900. Pola fotografía proxectouse unha imaxe diferente, e desde unha perspectiva turística.

**Esta exposición recupera a crónica fotográfica das sete campañas que Francesc Català-Roca realizou a Galicia entre 1956 e 1976, nas que retratou luminosamente e con humor a vida cotiá das persoas, o traballo, a festa, o Ano Santo de 1965, o Burgo das Nacións e a contemporánea irrupción do turismo.**



Dende o álbum de Andrés Cisneros de 1856, a fotografía configurou para Compostela e para Galicia enteira un repertorio iconográfico característico, que induciu durante décadas determinadas maneiras de encararmonos. Os fotógrafos anteriores á cámara automática ofrecían unha imaxe lavada de todo o que puidese significar movemento, transición ou cambio.



**«Amáis do camiño de Santiago, de Galicia recordo dous vales separados por unha montaña. Unha vez no ano facíase unha romaría no alto que permitía aos habitantes dos dous vales reencontrarse».**

O espazo así fotografado movíase nun tempo lento, histórico, de séculos, raramente se vían persoas habitando eses espazos. Procurábase unha imaxe fóra do tempo diario, que retratase o inmutable, paisaxes pintorescas, importantes monumentos quedos e frontais, testemuñas centenarias do paso efémero e insignificante da vida popular.

Català-Roca mudounos o tempo. Introduciu a imaxe fotográfica de Galicia no dinámico mundo moderno no que o escenario está cheo de figuras que se moven, que rúan as rúas, mandando ao faiado o imaxinario reaccionario, cursi e tristón que ata entón viña facéndose.



No tempo cotián e profano do traballo, da festa e do nacente turismo, atopou Català-Roca a ocasión de ver Galicia. Lonxe do efectismo e da manipulación, os seus dous únicos recursos foron o encadramento e a obturación, tentando que cada foto fose unha descrición elocuente de si mesma.



Fotografías sorprendentes para os nosos prexuízos contemporáneos, perplexos diante das imaxes dun mundo que volve —ou que nace— da ben humorada percepción da vida diaria de Català-Roca. Nunha época pésima, de ditadura, fraude, e represión, Català-Roca retratou a dignidade dun pobo que se esforzaba por vivir. E é que a Galiza que el fotografou, malia todo, pagaba a pena, inzada como estaba de xente e de humanidade.